

REGULAMENTO DO SERVIZO DE SANEAMENTO

Aprobado polo Pleno da Corporación o 27 de xuño de 1997. Modificado por acordo plenario o 29 de xuño de 2006. Publicado o texto íntegro no BOP de A Coruña de 25 de outubro de 2006.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto do presente regulamento é a regulación do servizo de saneamento do término municipal de Santiago de Compostela.

Co fin de simplificar, no presente regulamento denomínase "abonado" a calquera persoa física ou xurídica que teña contratado o servizo de saneamento.

Entenderase por "entidade xestora" quen efectivamente realice o servizo de saneamento. Entenderase por "servicios técnicos" a unidade administrativa que o Concello determine como responsable do servizo en canto ás tarefas de control, inspección técnica ou calquera outra sobre o servizo e a súa xestión técnica.

Artigo 2.- Forma de xestión e titularidade do servizo

O servizo de saneamento é de titularidade municipal, sen prexuízo da forma de xestión que aprobe o propio Concello.

O Concello de Santiago de Compostela poderá presta-lo servizo de saneamento mediante calquera das formas previstas en dereito. Poderá estruturalo e dará publicidade á súa organización sexa cal sexa a forma de prestación elixida, directa ou indirecta, de acordo coa lexislación aplicable de réxime local. Así mesmo, dará credenciais ás persoas adscritas a el

para coñecemento e garantía de tódolos usuarios, reservándose as competencias que lle confire o artigo 127 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais e a Lei do 18 de maio de 1995 de contratos das administracións públicas, ou a demais lexislación que resulte aplicable no seu caso.

CAPÍTULO II.- OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE XESTORA E DOS USUARIOS

Artigo 3.- Obrigas da entidade xestora.

A entidade xestora estará suxeita ó cumprimento das seguintes obrigas:

a) Presta-lo servizo a todo peticionario e amplialo a todo usuario que o solicite nos termos establecidos no presente regulamento e noutras disposicións aplicables.

b) Mante-las condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable, vixiando os vertidos non permitidos .

c) Manter de forma permanente a diponibilidade e regularidade do servicio mediante a vixilancia, conservación e reparación de tódalas instalacións afectas ó servicio.

d) Colaborar co usuario na solución dos problemas que o servicio poida ocasionar.

e) Efectua-la facturación tomando como base a tarifa legalmente autorizada polo organismo competente.

f) Realizar campañas de información e sensibilización da poboación en xeral e dos usuarios con vertidos diferentes dos domésticos en particular, coa finalidade de reduci-lo vertido á rede de saneamento de substancias e produtos tóxicos do fogar, talleres e outras instalacións, con periodicidade mínima anual.

g) Iniciar un programa de minimización e recollida selectiva daqueles residuos máis impactantes (aceites e graxas da cociña, aceites de locomoción usados, produtos de limpeza, restos de pintura e vernices, restos de praguicidas, medicamentos, etc) que usualmente se eliminan polo vertedeiro ou desaugues que conducen ós sumidoiros.

Artigo 4.- Dereitos da entidade xestora.

A entidade xestora ten dereito a:

a) Percibi-las cantidades que correspondan polos servicios prestados conforme ó establecido no artigo 52, así como o prezo mínimo fixado nas tarifas oficialmente aprobadas.

b) Dispor dunha retribución económica suficiente cun equilibrio que deberá manterse en todo caso. Cando se perda ese equilibrio terá dereito a solicitar do Concello a adopción das medidas sinaladas no artigo 127 do Regulamento de servicios das corporacións locais.

Artigo 5.- Obrigas do usuario.

O abonado estará suxeito ás seguintes obrigas:

a) Satisfacer puntualmente o importe do servicio de saneamento de acordo co previsto neste regulamento e consonte as tarifas e taxas vixentes.

b) Paga-las cantidades resultantes das liquidacións que por erro, fraude ou avaría se lle poidan imputar.

c) Verter da forma establecida e para os usos contratados.

d) Permitti-la entrada no local nas horas hábiles ou de normal relación co exterior ó persoal do servicio que, exhibindo a acreditación pertinente, trate de instalalos elementos precisos e inspecciona-las instalacións.

e) Respecta-los precintos colocados pola entidade xestora ou polos organismos competentes da administración.

f) Cumpri-las condicións e obrigas contidas no contrato ou póliza.

g) Comunicar á entidade xestora calquera modificación na domiciliación do recibo.

h) Comunicar á entidade xestora calquera modificación na instalación interior, en especial os novos puntos de vertido que resulten significativos polo seu volume.

i) Preve-las instalacións de elevación naqueles casos en que sexa necesario.

Artigo 6.- Dereitos do usuario.

O usuario do servizo gozará dos seguintes dereitos:

- a) Dispor de condicións técnicas axeitadas para a normal evacuación das augas residuais de acordo coas instalacións existentes.
- b) Solicitar á entidade xestora as aclaracións, informacións e asesoramento necesarios sobre o servizo.
- c) Recibi-la facturación polo vertido de acordo coas tarifas vixentes.
- d) Subscribir un contrato ou póliza de vertido suxeito ás garantías da normativa establecida.
- e) Formula-las reclamacións administrativas que considere convenientes de acordo co procedemento establecido neste regulamento.
- f) Esixir do Concello e da entidade xestora o correcto funcionamento ambiental dos sistemas de depuración.

CAPÍTULO III.- INSTALACIÓNS DO SERVIZO DE SANEAMENTO

Artigo 7.- Elementos materiais do servizo.

Son elementos materiais do servizo de saneamento os seguintes:

As acometias, a rede de sumidoiros, as estacións elevadoras, as estacións depuradoras, os pozos de rexistro, os embornais, os tramos artificiais da rede natural de evacuación de augas pluviais.

a) Acometida.- É o conxunto de tuberías e outros elementos que unen a rede de sumidoiros coa instalación do inmovible que se pretende sanear.

A acometida responderá ó esquema básico que se achega como anexo a este regulamento e constará dos seguintes elementos:

a.1) Arqueta de arrinque.- Situada no límite da propiedade, serve de conexión entre a tubería de saída de augas residuais da propiedade e a cloaca da acometida.

a.2) Cloaca.- É o treito de tubería que vai desde a arqueta de arrinque ou límite da propiedade ata a rede de sumidoiros.

a.3) Entronque.- É o punto de unión da cloaca da acometida coa rede de sumidoiros, que debe ser un pozo de rexistro.

b) Rede de sumidoiros.- É o conxunto de conductos e instalacións que serven para evacuar as augas residuais e/ou pluviais.

b.1) Rede primaria.- Son aquelas tuberías da rede de sumidoiros que enlazan diferentes sectores da zona saneada sen que nelas se poidan realizar acometidas.

b.2) Rede secundaria.- Son as tuberías da rede de saneamento que corren ó longo dunha vía pública ou privada -naqueles casos nos que non sexa posible o uso da vía pública e sempre e cando se obteña, polos medios legalmente establecidos, a titularidade do terreo a ocupar- e das que se derivan, de se-lo caso, as acometidas para os vertidos e os embornais. A súa

definición terá que ser aprobada polo Concello a proposta da Entidade Xestora e dos Servicios Técnicos Municipais.

c) Estación elevadora.- É o conxunto de obras e elementos mecánicos que, instalados nunha rede de saneamento serven para forza-la circulación da auga residual.

d) Estación depuradora.- É aquela instalación onde se someten as augas residuais a un tratamento de depuración física, biolóxica ou química, tal que permita a súa posterior reutilización para diversos fins ou a súa reincorporación ó medio natural sen alteralo.

CAPÍTULO IV.- ACOMETIDAS

Artigo 8.- Solicitud.

A solicitud de acometida á rede de sumidoiros deberá presentarse de forma independente para cada predio que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación. Cada unha desas solicitudes debe cumprir, por separado, as condicións previstas neste regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun único portal ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis de un acceso, o Concello ou no seu caso, a entidade xestora poderá decidi-la conveniencia de realizar unha única acometida así como o lugar en que se ten que situar.

Os locais que estean situados nas plantas inferiores das unidades independentes de edificación, aínda cando non teñan acceso común, deberán verter á correspondente arqueta xeral interior do inmovible.

Nalgúns casos, a xuízo do Concello, previo informe da Entidade Xestora, ou como aplicación da norma correspondente, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible poderá solicitar acometidas independentes.

Artigo 9.-Tramitación de solicitudes.

A solicitud de conexión á rede formularase no impreso normalizado que facilite a entidade xestora.

Na solicitud de vertido industrial farase constar, como mínimo e salvo excepcións, o que segue:

1.- Filiación

- Nome, teléfono e enderezo social do titular do establecemento ou actividade.
- Situación e características da instalación ou actividade.

2.- Producción

- Descrición das actividades e procesos xeradores dos vertidos.
- Materias primas ou produtos utilizados como tales, indicando as cantidades en unidades usuais.

- Produtos finais e intermedios, se os houbese, consignando as cantidades en unidades así como o ritmo de produción.

3.- Vertidos

- Descrición do réxime de vertido -horario, duración, caudal medio e punta e variacións diarias, mensuais e estacionais, se as houbese-, das súas características e da súa concentración antes de calquera tratamento.

4.- Previsión de tratamento do vertido.

- Descrición dos sistemas de tratamento previstos e do seu grao de eficacia, así como da composición final dos vertidos descargados cos resultados das análises de posta en marcha que se realizaran.

5.- Planos

- Planos de situación en cartografía oficial municipal a escala axeitada.

- Planos da rede interior de recollida e instalación de pretratamentos.

- Planos detallados das obras de conexión, das arquetas de rexistros e dos dispositivos de seguridade.

6.- Varios.

- Subministración de auga (rede, pozo, etc.)

- Volume de auga consumida polo proceso industrial.

- Dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento susceptibles de verterána rede de sumidoiros.

- Proxecto de medidas preventivas, correctoras, de seguridade e/ou reparadoras para supostos de accidente ou emerxencia nos vertidos.

E, en xeral, todos aqueles datos que a administración considere necesarios para coñecer tódalas circunstancias e elementos involucrados no vertido de augas residuais.

Na solicitude de vertido doméstico farase constar, como mínimo:

- O nome do solicitante ou a súa razón social, o enderezo e teléfono, o nome do futuro abonado, o enderezo do vertido e o seu carácter ou as bases para fixalo de acordo coa normativa vixente.

- A solicitude acompañarase dun plano de situación da cartografía municipal oficial a escala axeitada.

Artigo 10.- Solicitude de acometidas.

A entidade xestora non tramitará ó Concello as solicitudes de acometida á rede municipal de saneamento cando se dea algunha destas circunstancias:

1) Que o inmovible a sanear non estea situado na área de cobertura do saneamento.

2) Que o inmovible que se pretende sanear non conte con instalacións axeitadas ou ben que as existentes non se axusten a este regulamento ou á normativa técnica aplicable.

3) Cando non se presentara algún dos documentos esixidos e mentres non se presenten.

4) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros e non se acredite a constitución da servidume de paso -inscrita no Rexistro da Propiedade- ou a adquisición da franxa de terreo afectada.

5) Cando a cota no punto de acometida de saneamento sexa insuficiente para un correcto vertido e o abonado non instalara o equipo de elevación correspondente.

6) Cando a caracterización do vertido o inscriba dentro dos parámetros dos vertidos prohibidos á rede de saneamento, de acordo co presente regulamento e coa lexislación aplicable en cada momento.

Artigo 11.- Aprobación e Denegación de Acometidas.

A aprobación ou denegación de toda acometida á rede de saneamento ou ampliación da mesma corresponderalle ó Concellos condicións por él establecidas e que resulten da aplicación da normativa vixente, previo informe da entidade xestora e dos servizos técnicos municipais.

Artigo 12.- Determinación e execución.

A entidade xestora informará sobre as características técnicas que deben reunir as acometidas, realizando as que previamente autorice o Concello e nas condicións establecidas por este.

A execución das acometidas será competencia da entidade xestora que realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do petionario, xa sexa este o usuario do servizo, o constructor do inmovible ou o propietario do predio, pasando, o ramal instalado, a ser propiedade municipal.

Se polos Servizos de Inspección ou pola Entidade Xestora se detectara unha acometida que non cumpra os criterios aquí establecidos, as modificacións que sexa necesario facer para axustalos ó presente regulamento, serán a conta do promotor/es da mesma.

Así mesmo, os Servizos Técnicos ou no seu caso a Entidade Xestora indicará as modificacións que deban efectuarse na rede existente e que tamén satisfará ó petionario, logo da conformidade do Concello.

A entidade xestora confeccionará o orzamento para a execución das obras de acometida consonte o cadro único de prezos vixente aprobado polo Concello. Este orzamento terá carácter definitivo e deberá adaptarse a cada caso concreto, logo de comprobadas as medicións. Non terá carácter definitivo se non se aplican os prezos aprobados ou se a entidade xestora incorre en falsidade, fraude ou erro na súa confección.

Por este motivo, a entidade xestora presentará antes do 30 de setembro de cada ano, o cadro de prezos que se vai aplicar durante o seguinte ano para que sexa aprobado polo Concello antes do 31 de decembro.

O cadro de prezos a aplicar será o vixente no momento de formularse a solicitude de acometida.

As acometidas á rede de saneamento que realice a entidade xestora para os novos usuarios correrán por conta destes, que as pagarán á dita entidade unha vez que o Concello aprobe a execución da obra e antes de realizala.

A entidade xestora realizará a acometida no prazo máximo de un mes a partir da notificación da autorización municipal.

Artigo 13.- Obrigatoriedade do saneamento.

Cada predio que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación deberá resolver de forma axeitada e sen prexudica-las condicións sanitarias e medioambientais do seu contorno o saneamento das súas augas residuais e pluviais separadamente de acordo coa normativa vixente.

O dito saneamento efectuarase ben por conexión á rede de sumidoiro municipal naqueles lugares nos que exista ou ben por sistemas de saneamento autónomo, tipo fosa séptica.

Neste último caso, as características do sistema deberán ser aprobadas e a súa instalación supervisada polo técnico municipal competente. Así mesmo, o seu funcionamento poderá ser obxecto de inspección municipal sempre que se considere conveniente.

Todo isto sen prexuízo do estipulado na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 14.- Posta en servicio da acometida.

Realizada a acometida, non poderá ser manipulada ata despois da formalización do correspondente contrato de vertido que, en todo caso, non se formalizará ata comproba-lo correcto estado das instalacións interiores do edificio.

Pasado un ano desde a posta servicio, se non se formula ningunha reclamación sobre a acometida, entenderase que o propietario do predio está conforme coa súa instalación.

Artigo 15.- Acometidas de pluviais.

Nas zonas onde a rede de saneamento sexa separativa -deseñada para o transporte de augas residuais e pluviais independentemente- é obrigatorio realizar unha acometida pola que evacuar exclusivamente as augas da choiva independente da acometida de residuais.

Independentemente da existencia ou non de rede separativa, as novas edificacións deberán contar con acometidas separadas para fecais e pluviais respectivamente.

O disposto no parágrafo anterior será igualmente esixible en aquelas edificacións existentes que sexan obxecto de obras de reconstrucción, rehabilitación, consolidación e gran reparación.

Artigo 16.- Conservación de acometidas.

A vixilancia, conservación e reparación das acometidas será sempre competencia exclusiva da entidade xestora que realizará os traballos correspondentes ó seu cargo.

Artigo 17.- Ampliación de acometidas.

No caso de que nun predio, despois de realizada a acometida, aumente o número de servicios ou amplíe o número de vivendas e as instalacións existentes sexan insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, solicitarase á entidade xestora a substitución da acometida por outra axeitada. Os gastos que teñan que facerse en virtude da demanda correrán por conta do usuario(s).

Artigo 18.- Acometida en desuso.

Finalizado ou rescindido o contrato de vertido, o ramal de acometida queda a libre disposición do seu titular, pero se este, dentro dos vinte días seguintes non comunica fidedignamente á entidade xestora a súa intención de que se retire da vía pública, consignando para tal efecto na caixa desta entidade o importe dos gastos que ocasione a operación, entenderase que se desinteresa do ramal de acometida en desuso e que a entidade xestora pode toma-las medidas que considere oportunas de conformidade co Concello.

Artigo 19.- Pequenas ampliacións e melloras na rede.

Para os efectos deste regulamento, considérase a necesidade de realizar pequenas ampliacións e melloras na rede de sumidoiros existente, nos seguintes casos:

- Cando, malia existiren redes secundarias de sumidoiros nalgún terreo público lindante co inmovible, o novo enganche represente un aumento apreciable de caudal no saneamento.
- Cando a distancia ata o punto de conexión sexa superior a 20 m.
- Cando non exista rede na marxe do inmovible.
- Cando, aínda existindo rede, esta se pode catalogar como primaria.

Nos casos de vías en solo urbano con servizo defectuoso, deficiente ou incompleto que non permita satisfacer un servizo axeitado se se aumentan os vertidos, redactarase e someterase a aprobación municipal o correspondente proxecto de obras de urbanización que faga posible un servizo de saneamento axeitado.

O Concello deberá coordina-la implantación e mellora servizo de saneamento con outros servizos urbanísticos a levar a cabo na mesma vía, especialmente pavimentación e encintado de beirarrúas baixo as que teña que implantarse, co fin de evitar levantamentos, roturas e reposicións de pavimento innecesarios.

Cando cumpra efectuar unha prolongación da rede xeral para executar unha acometida, correrán por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen. Estes gastos faranse constar no orzamento que se confeccione. Ó finaliza-la execución das obras, a acometida pasará a ser propiedade municipal.

As obras de ampliación a que se refire o apartado anterior serán executadas, con carácter xeral, pola entidade xestora. Nalgúns casos poderá autorizarse que as realice un contratista que estea suficientemente cualificado pero, aínda neste caso, o entronque coa rede de saneamento e as acometidas serán competencia exclusiva da entidade xestora.

A dirección, vixilancia e inspección das ampliacións da rede serán efectuadas directamente pola entidade xestora que fixará, así mesmo, as condicións e especificacións técnicas e sanitarias que deben observarse, logo de obtido o informe favorable do servizos técnicos municipais.

As prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público. Naquelas partes da rede que estean excepcionalmente situadas en terreos privados, os propietarios afectados polo paso da tubería porán a dispor do Concello unha franxa de tres metros de ancho ó longo do seu percorrido, e non poderán obstaculizar por ningún medio o acceso do persoal ou da maquinaria para reparacións ou inspeccións.

Nos casos en que o solicitante da prolongación da rede non sexa propietario dos terreos polos que ten que discorrer e se non existe outra alternativa, terá que acordar co propietario a adquisición do terreo necesario ou constituír unha servidume de acueducto, inscribíndoa no Rexistro da Propiedade.

Dada a propiedade municipal das ampliacións da rede, a entidade xestora ten plena liberdade para conectar a estas instalacións as acometidas xa existentes na zona ampliada.

Artigo 20.- Urbanizacións e unidades de execución.

As instalacións das redes de sumidoiros propias de urbanizacións, novas rúas ou unidades de execución serán executadas polo promotor, de acordo co correspondente proxecto técnico

necesariamente aprobado polo Concello que poderá solicitar á entidade xestora cantos informes considere oportunos a través dos seus servicios técnicos.

Para os efectos deste regulamento entenderase por urbanizacións e unidades de execución aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación da infraestrutura viaria e de servicios, tanto se as obras se realizan para conectar distintas parcelas ou soares nos que se divida o terreo como se se executan para uni-la urbanización ou unidade de execución con outra zona xa urbanizada e con servicios.

O permiso de acometida para a unidade de execución ou urbanización, así como para os soares e inmobles situados nela, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento as condicións que seguen:

- Os esquemas das redes de sumidoiros interiores e as demais instalacións relacionadas deberán ser comprobadas polo Concello, proxectadas por un técnico competente e executadas por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, de acordo coas normas técnicas do Concello.

- As obras e instalacións previstas no proxecto aprobado e as modificacións que, convenientemente autorizadas polo Concello, se introduzan posteriormente, serán executadas igualmente por conta do promotor ou propietario ou no seu caso por unha empresa constructora coa correspondente clasificación empresarial, e sempre baixo a dirección dun técnico destes últimos.

- As obras poderán ser realizadas por empresas constructoras coa correspondente cualificación empresarial.

- A entidade xestora, coa conformidade dos servicios técnicos municipais ou por requirimento destes, poderá esixir, durante o desenvolvemento das obras ou no momento da súa recepción e posta en servicio, as probas e ensaios que considere convenientes co fin de garantir a idoneidade da execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afectan ós materiais previstos no proxecto. Os gastos derivados destas probas correrán por conta do promotor ou propietario da urbanización.

Só nestas obras de urbanización estará facultado o promotor ou constructor para realizar as acometidas de saneamento ós futuros edificios, parcelas e predios resultantes da mesma, debendo realizalas de acordo coa normativa municipal e atendendo ás recomendacións e suxerencias da entidade xestora. En ningún caso estará facultado o promotor ou constructor da urbanización a realizar o enlace coas redes exteriores ó seu ámbito, todo isto sen prexuízo das autorizacións necesarias do Concello e as formalizacións dos contratos correspondentes segundo o procedemento indicado neste regulamento.

O enlace das redes interiores coas conduccións exteriores que forman a rede pública conservada pola entidade xestora, así como as modificacións ou eventuais reforzos que houberse que efectuar como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse con cargo ó promotor ou propietario da urbanización.

Os servicios técnicos municipais ou a entidade xestora verificarán as instalacións unha vez rematadas. Se a inspección a realiza a entidade, comprobará que se axustan á regulamentación técnica e sanitaria vixente e, se as encontra conformes con elas, informará ós servicios técnicos municipais do que afecte á rede de vertidos co fin de aceptar a propiedade das instalacións, das súas servidumes de paso e dos usos da urbanización que pasen a ser de dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servicios de saneamento unha vez que lle sexa ordenado polo Concello.

Artigo 21.- Condicións da rede de saneamento.

1.- O saneamento realizarase normalmente polo sistema unitario cando se verta a colectores de uso público. Non obstante, nas zonas de edificación predominantemente residencial se existen regos que poden servir para a evacuación natural das augas de choiva, poderase utiliza-lo sistema separativo puro ou admitir coas augas residuais unha proporción limitada destas, de maneira que o resto se verta directamente ós regos naturais que deberán ter asegurada a súa continuidade ata un cauce público. Tamén poderá utilizarse o sistema separativo cando as augas residuais se conduzan a instalacións de depuración completa antes de vertelas ós cauces públicos naturais ós que, en cambio, desaugarán directamente e pola superficie do terreo as augas de choiva.

2.-As seccións mínimas das tuberías, tanto para a rede como para as acometidas domiciliarias e para os desaugues dos sumidoiros, será de trinta (30) centímetros de diámetro e as velocidades máximas de tres (3) metros por segundo cando os conductos sexan de cemento centrifugado e vibrado. Poderán aumentarse a valores maiores adoptando tubería de gres, fibrocemento, plástico ou materiais equivalentes pola dureza do seu revestimento, nos casos en que isto sexa preciso. En seccións visitables poderase alcanzar unha velocidade de cinco (5) metros por segundo.

3.- As pendentes mínimas nos ramais iniciais serán do un por cento (1%) e nos demais determinarase de acordo cos caudais para que as velocidades mínimas non descendan de cero con cinco (0,5) metros por segundo. Se fosen inferiores, instalaranse, na cabeceira dos ramais, cámaras de descarga automática de auga limpa. A capacidade destas será de cero con cinco (0,5) metros cúbicos para as redes de trinta centímetros de diámetro (30) e de un (1) metro cúbico, como mínimo, para as restantes.

4.- Para o cálculo da sección da tubería adoptaranse como caudais de augas negras o medio e o máximo previstos para o abastecemento de auga, afectados ou non por un coeficiente reductor que non poderá ser inferior ó 85%. Para os caudais de auga de choiva calcularanse, a partir de datos pluviométricos oficiais, os caudais máximos, con probabilidade de repetírense cada dous anos se as pendentes do terreo son apreciables e con probabilidade de repetírense cada cinco anos se as pendentes do terreo son moi pequenas, para colectores que saneen áreas inferiores a cincuenta (50) hectáreas. Para concas vertentes superiores, a probabilidade de repetición fixarase en función do riscos que poden provoca-las inundacións, non sendo, en ningún caso, inferior a 10 anos.

5.- Non se considera preciso realizar ningún cálculo para estima-lo retraso na acumulación de caudais en concas vertentes inferiores a vinte (20) hectáreas. En concas superiores será obrigado facelo.

6.- Os aliviadeiros de enchentas dimensionaranse, salvo xustificación expresa para unha dilución 5:1 (cinco partes de auga de choiva e unha parte de augas negras), situándose tan próximos ós cauces naturais como sexa posible. Disporán de pozo de limpeza.

7.- As conduccións serán subterráneas, seguindo o trazado da rede viaria ou espazos públicos libres. Salvo imposibilidade técnica, o recubrimento mínimo da tubería, medido desde a súa xeratriz superior, será de 1,50 m, e preferiblemente de 2,00 m, debendo situarse en todo caso a nivel inferior ás conduccións de abastecemento circundante.

8.- As obras especiais de aliviadeiros ou sifóns disporán de pozos de limpeza á entrada e saída da obra especial correspondente.

9.- Disporanse pozos de rexistro cada 50 m como máximo, en tódolos cambios de aliñación e rasante así como nas cabeceiras. Esta distancia poderá ampliarse a 100 m en conduccións visitables.

10.- Cando as augas de choiva se evacúen pola rede de sumidoiros disporanse sumidoiros cada 40 m como máximo ou, cando menos, en tódolos cruces das rúas.

11.- Poderán utilizarse calquera dos materiais indicados no Prego de prescricións técnicas xerais para tuberías de saneamento de poboación (MOPU/86), coas condicións alí sinaladas.

12.- Salvo que se xustifique o contrario utilizaranse tuberías de formigón vibrado, en masa con enchufe de campana para diámetros inferiores a 80 cm e armado para tuberías de maior calibre.

13.- As xuntas deberán ser estancas. Utilizarase preferentemente a solución elástica mediante xunta de goma. Prohíbese a utilización de unións ríxidas de corchete, salvo que se xustifique mediante un tratamento axeitado a súa impermeabilidade. Os pozos, arquetas e sumidoiros deberán ser estancos e deberán tratarse adecuadamente as superficies que estean en contacto coa auga.

14.- Toda a rede sumidoiros que se proxecte en solo urbano ou urbanizable acometerá, salvo imposibilidade topográfica, á rede municipal ou ó emisario da depuradora. A dita conexión resolverase nun pozo de rexistro.

15.- Así mesmo, a conexión ó saneamento das acometidas domiciliarias e dos desaugues de sumidoiros farase tamén mediante pozos de rexistro.

CAPÍTULO V.- INSTALACIÓNS INTERIORES

Artigo 22.- Execución das instalacións.

A instalacións interiores serán executadas por un instalador autorizado polo organismo que corresponda e cumprirán as normas vixentes no momento da contratación. No inicio da instalación interior do edificio ou propiedade disporase nun lugar accesible como mínimo dúas arquetas rexistrables; unha para augas residuais e outra para pluviais.

Artigo 23.- Inspección da instalación.

A instalación interior efectuada polo propietario e/ou usuario estará sometida á comprobación da entidade xestora e á superior dos organismos competentes da administración, co fin de constatar se foi executada segundo as normas e cumprindo as prescricións deste regulamento e doutras disposición aplicables. Se a instalación interior non se axusta ós preceptos indicados, a entidade xestora non permitirá o vertido e informará do feito ós organismos competentes para que resolvan o que sexa necesario.

Artigo 24.- Materiais da instalación.

Non se imporá ó usuario a obriga de adquiri-lo material para a súa instalación interior nin nos almacéns da entidade xestora nin noutro determinado e só se lle esixirá que se axuste ó que dispoñan as normas para as instalacións interiores de saneamento no momento da contratación.

Artigo 25.- Prohibición de mesturar vertidos de diferentes procedencias.

Aínda cando a rede de sumidoiros sexa de sistema unitario -deseñado para o transporte das augas residuais e pluviais conxuntamente- as instalacións interiores executaranse de tal forma que os vertidos se realicen de forma independente ás arquetas respectivas segundo a súa procedencia, é dicir, separando as augas pluviais das augas residuais domésticas ou das augas residuais industriais.

CAPÍTULO VI.- AFORO E MEDICIÓN DE CAUDAIS

Artigo 26.- Medición de caudais.

A medición de caudais de vertido realizarase como norma xeral de maneira indirecta, en función da cantidade de auga potable utilizada polo usuario, medida en m³.

De forma excepcional, cando o usuario non dispoña do servizo de abastecemento de auga potable pero si efectúe vertidos á rede municipal de abastecemento, o seu caudal determinarase da seguinte forma:

a) Usuario doméstico: caudal medio estimado de 24 m³/mes.

b) Usuario industrial: mediante sistemas de medida axeitados -caudalímetro, arqueta de aforo- que serán instalados en caso necesario pola entidade xestora, a cargo do usuario.

CAPÍTULO VII.- CARACTERIZACIÓN E CONTROL DO VERTIDO

Artigo 27.- Carácter do vertido.

O carácter do vertido tipificarase en:

a) Augas pluviais.- Augas resultantes da escorrentía de precipitacións atmosféricas ou procedentes de mananciais.

b) Augas residuais domésticas.- As que están formadas polos restos líquidos da preparación, cocción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias similares producidas nas instalacións sanitarias das vivendas ou nas instalacións comerciais, industriais, sanitarias, comunitarias ou públicas.

c) Augas residuais industriais.- As que conteñen os restos dos procesos e actividades das instalacións xa mencionadas e que non son augas residuais domésticas.

Artigo 28.- Control de contaminación de orixe.

A regulación da contaminación en orixe, mediante prohibicións ou limitacións nas descargas de vertidos, establécese coas seguintes finalidades:

1º) Protexe-la conca receptora, eliminando calquera efecto tóxico, crónico ou agudo, tanto para o home como para os recursos naturais e preservando a calidade do medio receptor tendo en conta os tipos de depuración.

2º) Salvagarda-la integridade e seguridade de persoas e instalacións do servizo de saneamento. 3º) Previr toda anomalía os procesos de depuración utilizados.

Artigo 29.- Vertidos prohibidos.

Con carácter xeral queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de sumidoiros calquera dos seguintes produtos:

- Gasolina, benceno, naftaleno, fuel-oil, petróleo, aceites industriais ou calquera outro sólido, líquido ou gas inflamable ou inmiscible coa auga calquera que sexa a súa cantidade.

- Calquera sólido, líquido ou gas tóxico ou velenoso, xa sexa puro ou mesturado con outros residuos, en cantidade que poida constituir un perigo para o persoal encargado da limpeza e conservación da rede e ocasionar algunha molestia pública.

- Restos radioactivos ou isótopos de vida media en concentracións tales que poidan provocar danos ás instalacións e/ou perigo para o persoal de mantemento das mesmas.

- Augas residuais con valor de ph inferior a 6 ou superior a 10 que teñan algunha propiedade corrosiva capaz de causar danos ou prexudica-los materias cos que están construídas as redes de saneamento ou as cloacas, ó equipo ou ó persoal encargado da limpeza e conservación.

- Substancias sólidas ou viscosas en cantidade ou medidas tales que poidan obstruí-la corrente das augas na rede, obstaculiza-los traballos de conservación e limpeza da rede, como cinzas, carbonilla, area, barro, palla, metal, vidro, esterco, desperdicios de animais, pelo, vísceras, pezas de vaixela, envases de papel e outros análogos, xa sexan enteiros ou triturados por muíños de desperdicios.

* Calquera líquido ou vapor a temperatura maior de 30° C.

- Disolventes orgánicos e pinturas, calquera que sexa a súa proporción.

- Carburo cálcico.

* Líquidos que conteñan produtos susceptibles de precipitar ou depositarse na rede de sumidoiros ou de reaccionar coas augas desta producindo substancias comprendidas en calquera dos apartados do presente artigo.

-Substancias que poidan perturba-la boa marcha dunha instalación de depuración de augas residuais inhibindo o proceso biolóxico da depuración.

- En xeral, todas aquelas substancias a que se aluda nas seguintes nomas:

* Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no seu anexo.

* Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo, pola que se aproba o regulamento para a execución da anterior Lei básica de residuos tóxicos e perigosos. Táboa número 4.

* Orde do 12 de novembro de 1987 sobre a normativa a aplicar a novas substancias nocivas e perigosas que poidan formar parte de determinados vertidos de augas residuais, nos seus anexos IX e XII.

* Orde do 13 de marzo de 1989 que se inclúe na anterior, nos seus anexos IX ó XII.

Vertidos limitados.-

Queda prohibido verter directa ou indirectamente ás instalacións municipais de saneamento, produtos con características ou concentracións contaminantes iguais ou superiores ás da seguinte relación:

Parámetro Unidade Máximo instantáneo

Temperatura °C 30

Sólidos en suspensión mg/lmg/l 600

Sólidos sedimentables ml/l 5

- pH 6pH10

- DB05 mg/l 600

- DQO mg/l 1000

- Aceites e graxas mg/l 100
- Fenois mg/l 5
- Deterxentes aniónicos mg/l 12
- Aldehínos mg/l 4
- Pesticidas mg/l 0,2
- Cloruros (Cl-) mg/l 2000
- Sulfatos (SO₄²⁻) mg/l 2000
- Sulfitos (SO₃²⁻) mg/l 2
- Fluoruros (F-) mg/l 10
- Cianuros (CN-) mg/l 1
- Amoníaco (NH₃) mg/l 30
- Nitratos (NO₃⁻) mg/l 20
- Nitróxeno total Kjeldahl mg/l 50
- Fosfatos (PO₄³⁻) mg/l 60
- Aluminio (Al) mg/l 2
- Arsénico (As) mg/l 1
- Bario (Ba) mg/l 20
- Boro (B) mg/l 5
- Cadmio (Cd) mg/l 0,2
- Cobalto (Co) mg/l 0,2
- Cobre (Cu) mg/l 10
- Cromo total (Cr) mg/l 4
- Cromo Hexav. (Cr⁶⁺) mg/l 0,5
- Hierro (Fe) mg/l 10
- Manganeseo (Mn) mg/l 2
- Mercurio (Hg) mg/l 0,05
- Molibdeno (Mo) mg/l 0,02
- Níquel (Ni) mg/l 2

- Chumbo (Pb) mg/l 0,7
- Selenio (Se) mg/l 0,5
- Estaño (Sn) mg/l 5
- Cinc (Zn) mg/l 5
- Sulfuros mg/l 2
- Prata (Ag) mg/l 2

Os límites para os metais entenderanse como metais totais e non como metais disoltos.

Co fin de comprobar que o efluente da estación depuradora xeral de Santiago (Estación Depuradora de Augas Residuais de Silvouta) se encontra dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente en cada momento, a entidade xestora deberá realizar coa periodicidade que considere o Concello unha analítica do mesmo tendo en conta os parámetros determinados anexo ó título IV do Real Decreto 4849/86 polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, "Táboas dos parámetros característicos que se deben considerar, como mínimo, na estimación do tratamento do vertido".

Sen prexuízo das sancións e responsabilidades a que houbese lugar, calquera vertido á rede pública de sumidoiros que posúa algunha das características xa definidas e que poida causar efectos perniciosos nos procesos de depuración, nas obras de fábrica da rede de sumidoiros ou en instalacións alleas, supor perigo para o persoal do servizo ó servizo da rede ou ocasionar algunha molestia pública, dará lugar a que a administración municipal adopte algunha das seguintes medidas.

a) Prohibir totalmente o vertido cando se trate de materias non corrixibles a través do oportuno tratamento.

b) Esixir un tratamento previo que dea como resultado concentracións comprendidas dentro dos límites tolerados.

c) Impoñe-la vixilancia e sistemática comprobación das cantidades e proporcións do vertido.

d) Esixi-lo pagamento anticipado dos danos e custos adicionais que ocasione a protección das obras de fábrica, das instalacións e do persoal.

Artigo 30.- Instalacións de pretratamento.

Cando se esixa unha determinada instalación de pretratamento dos vertidos, o usuario deberá presenta-lo proxecto da mesma para a súa revisión e aprobación previa, sen que se poidan alterar posteriormente as especificacións alí recollidas.

O usuario queda obrigado a construír, explotar e manter pola súa conta todas aquelas instalacións de pretratamento que sexan necesarias. Tódalas industrias, calquera que sexa a súa actividade, que estean autorizadas para verter, mesmo aquelas que realizan pretratamento, deberán colocar unha reixa de desbase de 50 mm antes do vertido á rede de sumidoiros.

Artigo 31.- Control de caudais.

Os caudais punta de vertido á rede non poderán exceder do quintuplo (5 veces), nun intervalo de quince (15) minutos ou de dúas veces e media (2,5) nunha hora, do valor medio por día.

Deberá controlarse especialmente o caudal e a calidade do afluente en caso de limpeza ou baleirado dos tanques, cerre vacacional ou circunstancias análogas.

Artigo 32.- Situacións de emerxencia.

Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza ou exista risco inminente de producirse un vertido inusual á rede de sumidoiros que sexa potencialmente perigoso para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben para a propia rede.

Perante unha situación de emerxencia ou perigo, o usuario deberá comunicar urxentemente á empresa xestora do servizo a situación producida co obxecto de evitar ou reducir ó mínimo os danos que puidesen provocarse, poñéndoo en coñecemento do Concello coa maior brevidade posible.

O usuario deberá tamén, e coa maior brevidade, usar todas aquelas medidas de que dispoña co fin de conseguir que a cantidade de produtos vertidos sexa a mínima posible e reducir ó máximo a súa perigosidade.

No prazo máximo de 7 días, o interesado deberá remitir ó Concello un informe detallado do sucedido. Deberán figurar nel, como mínimo, os seguintes datos: nome e identificación da empresa, situación da mesma, caudal, materias vertidas, causa do accidente, hora en que se produciu, correccións efectuadas in situ, hora e forma en que se comunicou a incidencia á entidade xestora e, en xeral, todos aqueles datos que permitan ós servizos técnicos interpretar correctamente o imprevisto e valorar adecuadamente as consecuencias.

O Concello facilitará ós usuarios importantes un modelo das instrucións a seguir nunha situación de emerxencia ou perigo. Neste modelo figurarán os números de teléfono ós que o usuario pode comunica-la emerxencia, aparecendo en primeiro lugar o da estación depuradora que recibe o efluente anómalo. No suposto de non poder comunicar coa dita estación, recorrerase ós seguintes teléfonos na orde que se indique. Establecida a pertinente comunicación, o usuario deberá indica-lo tipo e a cantidade dos produtos que se verteron na rede.

Nas instrucións incluíranse as medidas que o propio usuario debe tomar para contrarrestar ou reducir ó mínimo os efectos nocivos que puidesen producirse. Nestas instrucións particulares de cada usuario preveranse os accidentes máis perigosos que poidan producirse en función das características dos seus propios procesos industriais.

As instrucións redactaranse de xeito que sexan facilmente comprensibles por persoal pouco cualificado e situaranse en tódolos puntos estratéxicos do local e especialmente nos lugares en que os operarios deban actuar para levar a cabo as medidas correctoras.

A necesidade de que un usuario dispoña das instrucións de emerxencia quedará fixada na autorización do vertido á rede ou nunha resolución posterior. Na mesma autorización ou resolución establecerase tamén o texto das instrucións e os lugares mínimos en que debe colocarse. Os servizos técnicos do Concello ou a entidade xestora poderán inspeccionar en todo momento se se cumpren estas condicións.

Artigo 33.- Inspección e vixilancia.

1.Co fin de poder realiza-lo seu cometido -conservación, medida, toma de mostras, exame de vertidos, etc.- e cumpri-lo establecido neste regulamento, os servizos correspondentes do Concello e/ou o persoal da entidade xestora debidamente acreditados terán libre acceso ós

locais en que se produzan vertidos á rede de sumidoiros. A inspección non poderá, nembargante, investiga-los procesos de fabricación, salvo aqueles particulares que teñan unha relación directa co tipo e causa do vertido na rede ou co seu sistema de tratamento.

2. A propia inspección poderá tamén penetrar naquelas propiedades privadas sobre as que o Concello manteña algunha servidume de paso de augas co fin de levar a cabo os servicios de inspección, reparación, limpeza e mantemento de calquera parte da instalación da rede que estea situada dentro dos límites da dita servidume. Os propietarios dos predios manterán sempre expedita a entrada ós puntos de acceso á rede de sumidoiros.

3. En tódolos actos de inspección, o persoal encargado da mesma deberá ir provisto e exhibi-lo documento que o acredite para a práctica daqueles.

4. O titular da instalación que xera vertidos potencialmente contaminantes, diante do persoal facultativo acreditado pola administración, estará obrigado a:

a)Facilitarlle, sen necesidade de comunicación previa, o acceso a aquelas partes das instalacións que consideren necesarias para o cumprimento da súa misión.

b)Facilita-la montaxe dos equipos ou instrumentos que se precisen para realiza-las medidas determinantes, os ensaios e as comprobacións necesarias.

c)Permiti-la utilización dos instrumentos que a empresa utilice con fins de autocontrol, en especial os que se empregan para o aforamento de caudais e a toma de mostras, co fin de realiza-las análises e comprobacións.

d)Facilitar cantos datos se requiran para o exercicio e cumprimento das funcións de inspección.

5. O resultado da inspección farase constar na acta, redactada por triplicado e na que se incluírán os datos que seguen:

- A identificación do usuario.
- As operacións e controles realizados.
- O resultado das medicións e da toma de mostras.
- Calquera outro feito que as dúas partes consideren oportuno.

Antes de que un usuario ou un grupo de usuarios establezan unha planta de tratamento para non sobrepasa-los límites fixados para o vertido de augas á rede de sumidoiros farase unha inspección co fin de autorizar definitivamente os vertidos.

CAPÍTULO VIII.- CONTRATACIÓN DO VERTIDO

Artigo 34.- Obxecto e alcance do contrato.

Os contratos de vertido fomalizaranse para cada vivenda, piso, local, industria ou obra que se constitúa nunha unidade independente.

Cada vertido quedará adscrito ós fins para os que se concedeu, non podendo dedicalo a outros ou modifica-lo seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, de se-lo caso, o contrato conseguinte.

Artigo 35.- Suxeitos do contrato.

Os contratos de vertido formalizaranse entre a entidade xestora e o titular do dereito de uso do predio, local ou industria a sanear, ou quen o represente.

Artigo 36.- Duración da póliza.

Os contratos considéranse estipulados polo prazo fixado na póliza e enténdense tacitamente prorrogados polo mesmo período a menos que unha das partes, cun mes de antelación, avise de forma expresa e por escrito á outra do desexo de dalo por finalizado. Non obstante, se dentro do primeiro ano a contar desde o inicio do vertido, o usuario, por calquera causa, dese por finalizado o contrato, correrán pola súa conta os gastos causados por esta resolución.

Artigo 37.- Pluralidade de pólizas nun inmovible.

Estenderase unha póliza de abono por cada vivenda, local ou dependencia independente, aínda que pertencen ó mesmo propietario ou arrendatario e sexan contiguas.

Cando corresponda a todo o inmovible unha única póliza e non existan pólizas individuais para cada vivenda, local ou dependencia, aplicarase sobre ela tantas cotas de servizo e/ou mínimos como vivendas, locais ou dependencias que, susceptibles de abono, se sirvan mediante o vertido xeral e á tarifa máis elevada que corresponda.

Esta modalidade de contratación será unha excepción para aqueles abonados existentes no momento da entrada en vigor deste regulamento.

Artigo 38.- Subscrición da póliza.

Non se levará a cabo ningún vertido sen que o usuario subscribira co xestor do servizo a correspondente póliza de abono ou contrato de vertido. Unha vez aceptada a súa solicitude o contrato non se fará efectivo ata que o usuario pague os traballos de conexión, a fianza e os dereitos establecidos na ordenanza fiscal.

O petionario acompañará á solicitude de vertido a documentación que segue:

- Escritura de propiedade, contrato de arrendamento ou documento que acredite o dereito de dispoñibilidade sobre o inmovible para o que se solicita o vertido.
- Documento que acredite a personalidade do contratante.
- En caso de vivenda, cédula de habitabilidade e, se cabe, licenza de primeira ocupación.
- Se se trata dun local comercial ou dunha industria, a licenza de apertura.
- Se se trata dunha obra, a licenza municipal en vigor.
- Aqueloutra documentación que requira o Concello de Santiago.

Artigo 39.- Causas de denegación do contrato.

A facultade de concede-la autorización para realiza-lo vertido corresponde ó Concello, consonte as normas regulamentarias vixentes.

O Concello, nos casos que seguen, e previo informe da Entidade Xestora poderá denega-la contratación do servizo:

1. Cando a persoa ou entidade que solicite o servizo se negue a asina-lo contrato estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación;

cando non presente a documentación preceptiva ou non efectúe os pagamentos correspondentes.

2. Cando as instalacións interiores non se axusten ás prescricións regulamentarias en vigor no momento do pedimento.

3. Cando non dispoña de acometida para o vertido.

4. Cando se comprobe que o petionario ten pendente o pagamento dos servicios presados en virtude doutro contrato de vertido anterior e mentres non satisfaga a débeda.

5. Cando para o local que se quere sanear exista xa outro contrato anterior e en plena vixencia.

6. Cando o petionario do vertido non estea acreditado fidedignamente, non conte coas autorizacións necesarias doutras persoas ou non establecera as servidumes que cumpran con inscrición no Rexistro da Propiedade.

7. Cando exista pendente unha liquidación por fraude.

Artigo 40.- Fianzas.

Para atender ó pagamento de calquera posible descuberto ou dano nas instalacións do servico imputables ó usuario, este estará obrigado a depositar na caixa da entidade xestora no momento de subscribir o contrato unha cantidade en concepto de fianza que será fixada na correspondente ordenanza municipal.

Artigo 41.- Traslado e cambio de usuario.

Os traslados de domicilio e a ocupación do mesmo local por unha persoa distinta da que asinou o contrato esixe un novo contrato ou, de se-lo caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos que sinala este regulamento.

Artigo 42.- Subrogación.

Ó falecemento do titular da póliza de abono, o seu cónxuxe, descendentes, fillos adoptivos plenos, ascendentes ou irmáns que conviviran habitualmente na vivenda, cando menos, con dous anos de antelación á data de falecemento, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas da póliza. Non serán necesarios os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o seu cónxuxe.

Tamén poderá subrogarse calquera outro herdeiro ou legatario se vai suceder ó falecido na propiedade ou uso da vivenda ou local en que se realiza o vertido.

No caso de entidades xurídicas, quen se subroga ou substitúa en dereitos e obrigas poderá face-lo propio na póliza de abono, a condición de presentar perante a entidade xestora tódalas autorizacións administrativas necesarias.

O prazo para subrogarse será de doce meses a partir da data do feito causante.

CAPÍTULO IX.- REGULARIDADE NO VERTIDO

Artigo 43.- Garantía de altura e caudal.

O servico está obrigado a tomar tódalas medidas posibles para garantir ó vertido a altura da rasante da vía pola que o inmovible teña a súa entrada.

Cando as condicións técnicas do vertido (altura e/ou caudal) sexan insuficientes para as necesidades do mesmo, o usuario deberá realizar pola súa conta as instalacións necesarias para a consecución das ditas condicións, utilizando para iso os sistemas e materiais homologados polos organismos competentes.

Artigo 44.- Continuidade do servico.

Salvo causa de forza maior ou avaría nas instalacións públicas, a entidade xestora ten a obriga de manter permanentemente o servico, cando non conste o contrario no contrato ou póliza de vertido, nas condicións indicadas no artigo anterior

Artigo 45.- Suspensións temporais.

As entidades xestoras poderán suspender-lo servico cando:

- a) Sexa imprescindible para o mantemento, reparación ou mellora das instalacións ó seu cargo.
- b) No suposto de vertido contaminante que implique un risco inminente para a saúde da poboación ou do funcionamento das instalacións de depuración ou persoal de mantemento do servico.

CAPÍTULO X.- LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓNS

Artigo 46.- Determinación do caudal vertido.

A determinación do caudal vertido, como norma xeral, realizarase de forma indirecta en relación coa cantidade de auga potable utilizada polo usuario -medida en metros cúbicos- resultado da diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación.

En caso de realizarse de forma directa, será o valor en metros cúbicos obtido dos sistemas de medida directa sinalados.

CAPÍTULO XI.- SUSPENSIÓN DO VERTIDO E RESCISIÓN DO CONTRATO

Artigo 47.- Causas de suspensión do vertido.

As entidades xestoras poderán, sen prexuízo do exercicio das accións de orde civil ou administrativa que a lexislación vixente ampara, suspender-lo vertido sen prexudicar a terceiras persoas e ós seus usuarios nos casos que seguen:

- a) Polo impago das facturacións dentro do prazo de tres meses.
- b) Cando un usuario verta sen o preceptivo contrato.
- c) Se non efectúa o pagamento no prazo de quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes da liquidación firme por fraude ou en caso probado de reincidencia do fraude.
- d) Insertar nas tuberías de saneamento, sen previa autorización da entidade xestora, bombas ou calquera outro aparato que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de sumidoiros no seu contorno e, consecuentemente, interfira no servico prestado a outros usuarios.
- e) En tódolos casos en que o usuario faga vertidos distintos dos contratados.

f) Cando o usuario estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para o vertido doutros predios, locais ou vivendas ós consignados no seu contrato de vertido.

g) Cando o persoal da entidade xestora encontre acometidas de vertidos que non contan con contrato, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso, a entidade poderá suspender inmeditamente o vertido en tales acometidas, dando conta disto ó Concello.

h) Cando o usuario non permita a entrada no local de orixe do vertido contratado en horas hábiles ou de normal relación co exterior ó persoal que, autorizado pola entidade e previsto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisa-las instalacións. Neste caso é preciso facer consta-la negativa perante testemuñas ou en presenza dalgún axente da autoridade. Esta constancia deberá remitirse ó organismo competente, xuntamente coa solicitude de suspensión do vertido.

i) Cando o usuario non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato suscrito coa entidade ou cando nas condicións xerais de utilización do servizo se produza ou exista algún risco para a seguridade dos operarios, instalacións, estación depuradora ou para a propia rede de sumidoiros.

j) Cando se realice un vertido prohibido ou a disposición das instalacións interiores non se axuste ó disposto neste regulamento e ata que os usuarios tomen as medidas oportunas para evitar tales situacións. En tal caso, a entidade xestora poderá suspender inmeditamente o vertido dando conta ó Concello.

k) Cando persista, por causas imputables ó usuario, durante seis meses a imposibilidade de tomar a lectura ou mostras dentro do réxime normal establecido, a entidade xestora poderá suspender, transitoriamente, o vertido mentres o usuario non acceda a modificar, pola súa conta, a instalación do equipo de medida ou o punto de mostra de forma que se poida acceder a el.

l) Por negligencia do usuario respecto á reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez que a entidade xestora o notificou por escrito, transcorre un prazo superior a tres días hábiles a partir do seguinte á notificación sen que se solucione.

Artigo 48.- Procedemento de suspensión.

Agás os casos de suspensión inmedita previstos neste regulamento, a entidade xestora deberá dar conta por correo certificado ó organismo competente e ó usuario, considerándose que queda autorizada para suspender-lo servizo se non recibe orde contraria do dito organismo no prazo de 15 días hábiles, contados a partir da data de notificación, salvo que o solicitado non se axustase a dereito.

A suspensión por parte da entidade xestora, salvo nos supostos de suspensión inmedita, non poderá realizarse en días festivos ou en días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público que poidan tramita-lo restablecemento completo do servizo. Tampouco poderá facerse na véspera dalgunha destas circunstancias.

O restablecemento do servizo realizarase no mesmo día ou, de non ser posible, no seguinte hábil, en que se corrixa as causas que orixinaron a suspensión do vertido.

A notificación da suspensión incluirá, como mínimo, os seguintes puntos.

- Nome e enderezo do usuario.
- Nome e enderezo do predio saneado.
- Data a partir da que se produce o corte.

- Detalle da razón que orixina a suspensión.

- Nome, enderezo, teléfono e horario das oficinas comerciais da entidade xestora en que poden corrixiarse as causas que orixinan a suspensión.

A entidade xestora é a encargada de volver conectalo servizo e poderá cobrar ó usuario a cantidade fixada no cadro de prezos que aprobe o Concello. O usuario non recuperará o servizo mentres non pague esa cantidade.

En ningún caso se poderán percibir estes dereitos se non se suspendeu o vertido.

Transcorridos tres meses desde a suspensión do vertido sen que o usuario emendase calquera das causas establecidas no artigo 52 deste regulamento para a suspensión, o Concello está facultado para resolver o contrato ó abeiro do que dispón o artigo 1124 do Código Civil, sen prexuízo dos dereitos da entidade xestora a esixir-lo pagamento da débeda e o resarcimento dos danos e perdas causados.

Artigo 49.- Extinción do contrato de vertido.

O contrato de vertido extinguirase, sen prexuízo da execución anterior ou non das accións de suspensión especificadas no artigo 52 deste regulamento, por calquera das causas seguintes:

1.- Por pedimento do usuario.

2.- Por instancia da entidade xestora, nos seguintes casos:

a) Por persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión do vertido reguladas no artigo 52 deste regulamento.

b) Por incumprimento do término ou condición do contrato de vertido.

c) Por efectua-lo vertido sen se-lo titular contractual do servizo.

3.- Por pedimento da entidade xestora e logo da audiencia ó interesado, nos seguintes casos:

a) Se o vertido ou as condicións das instalacións interiores entrañan perigosidade para a seguridade do servizo, tanto para as persoas como para as instalacións ou poden provocar danos a terceiros, sempre que no sexan corrixidos.

b) Por incumprimento, por parte do usuario, do contrato de vertido ou das obrigas que del se deriven.

c) Por cambio no uso dos servizos e instalacións, así como por derruba, ampliación ou reforma do predio para o que se contratou o vertido.

Se non hai resolución expresa do organismo competente, considerarase positiva transcorridos tres meses desde que lle foi requirida, salvo que o solicitado pola entidade xestora no se axuste a dereito.

A reanudación do vertido despois de extinguido o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente só poderá efectuarse mediante nova solicitude, subscripción dun novo contrato e pagamento dos dereitos correspondentes.

CAPÍTULO XII.- FRAUDES NO VERTIDO

Artigo 50.- Tipos de fraudes.

A entidade xestora considerará como fraude as seguintes situacións.

a) Que non exista contrato para o vertido.

b) Que, por calquera procedemento, se manipule ou altere o rexistro do aparato de medida.

c) Que se realicen derivacións de caudal, permanente ou circunstancialmente, antes dos equipos de medida.

d) Que se efectúen vertidos distintos dos contratados, afectando á facturación segundo a tarifa a aplicar.

Artigo 51.- Actuación por fraude.

A entidade xestora, á vista da información, requirirá ó propietario da instalación para que corrixa as deficiencias observadas, apecibíndoo de que, de non o facer no prazo de tres días hábiles a partir do seguinte á notificación, se lle aplicará o procedemento de suspensión do vertido que corresponda consonte o artigo seguinte.

Cando o persoal da entidade xestora encontre derivacións nas súas redes con vertidos sen convenio ningún, é dicir, realizados clandestinamente, a dita entidade poderá suspender inmediatamente o servizo.

Artigo 52.- Liquidación por fraude.

A entidade xestora practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

En caso de estimación directa:

1.- Se non existe contrato para o vertido:

a) Se existe contrato de abastecemento de auga, formularase a liquidación do período en que se produciu o fraude polo caudal estimado de maneira indirecta, tal e como se establece no artigo 25.

b) Se non existe contrato de abastecemento de auga, formularase unha liquidación por un caudal estimado a partir dos seguintes valores:

* abonado doméstico: 40 m³/mes

* abonado industrial: en función da estimación realizada polo regulamento do canon de saneamento da Xunta de Galicia.

O período de tempo para calcula-los caudais estimados será o que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento en que se corrixa a existencia do fraude detectado, sen que poida estenderse en total máis de cinco anos.

2.- Se se efectúan vertidos distintos dos contratados de xeito que se vexa afectada a facturación porque correponden a outra tarifa. Neste caso, a liquidación practicarase aplicándolle á cantidade de auga a diferenza existente entre as dúas tarifas. O período de liquidación non poderá exceder de un ano.

En tódolos casos, o importe do fraude deducido de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, estará suxeito ós impostos correspondentes que deben cosignarse nas liquidacións. As liquidacións que formule a entidade xestora serán notificadas ós interesados que, contra as mesmas, poderán formular reclamacións perante o organismo competente no prazo de quince días a contar desde a notificación e sen prexuízo das demais accións que consideren oportunas.

CAPÍTULO XIII.- RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 53.- Dereitos económicos.

A entidade xestora, consonte este regulamento, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos ou accións que a lexislación vixente ampare, non poderán cobrar ós usuarios do servizo de saneamento por outros conceptos distintos dos especificados a continuación:

- Cota de servizo.
- Cota de consumo.
- Recargos especiais.
- Dereitos de acometida.
- Cota de contratación.
- Cánones.
- Fianzas.
- Servizos específicos.

Artigo 54.- Sistema tarifario.

Para os efectos deste regulamento entenderase por sistema tarifario aquel conxunto de concepto, dos relacionados no artigo que forman o prezo total que o usuario debe pagar, en orde á consecución e mantemento do equilibrio económico e financeiro da entidade xestora para a prestación do servizo de saneamento.

Os impostos que recaian sobre o prezo finado servizo non constitúen un elemento máis do sistema.

Artigo 55.- Modalidades.

É facultade do Concello autoriza-las modalidades e sistemas tarifarios que considere convenientes, de entre os tipos que, consonte o disposto no artigo ...deste regulamento, se sinalan a seguir:

- Doméstico.
- Comercial.
- Industrial.
- Outros usos.
- Obras.

- Pluviais.

Artigo 56.- Cota de servicio.

É a cantidade fixa que periodicamente deben pagalos usuarios pola disponibilidad que gozan, independentemente de que fixeran ou non uso do servicio.

Artigo 57.- Cota de vertido. -

- Cota fixa, mínimo de vertido. É a cantidade que paga o usuario de forma periódica e en función do vertido mínimo establecido.

- Cota variable de vertido. É a cantidade que paga o usuario en función do vertido realizado a partir do mínimo establecido. Para cuantificar esta cota poderanse aplica-los distintos tipos de tarifa que a seguir se detallan:

1.- Tarifa constante: dentro dunha mesma clase de vertido todo o caudal se factura ó mesmo prezo.

2.- Tarifa de bloques crecentes: o caudal vertido descomponse en bloques de límites preestablecidos ós que se aplican prezos que resultan cada vez máis reducidos. Para os bloques de caudais establecidos no parágrafo anterior, rexerán os seguintes criterios:

a) O número de bloques por vertido non poderá ser superior a catro na modalidade de vertidos domésticos.

b) O número de bloques non poderá ser superior a tres na modalidade de vertidos industriais ou comerciais.

c) O número de bloques non poderá ser superior a dous na modalidade de outros vertidos.

Artigo 58.- Cobro de servicios específicos.

Realizaranse servicios específicos en caso de que os usuarios do saneamento precisen a prestación dun servicio individualizado, diferenciado dos que, en función do presente regulamento ten obriga de presta-la entidade xestora.

A solicitude deste tipo de servicio deberá presentala o usuario perante o Concello, que decidirá sobre a concesión de acordo co informe da entidade xestora. Logo de aceptados e asumidos os custos maires dos servicios concertados, poderán repercutirse nos recibos de consumo con carácter xeral para tódolos abonados.

Art. 59.- Dereitos de Acometida.

É unha cantidade fixa que deben paga-los solicitantes da acometida para a súa execución.

Art. 60.- Cota de Contratación.

É unha cantidade fixa que deben paga-los solicitantes do contrato de vertido no momento da súa formalización.

CAPÍTULO XIV.- INFRACCIÓNS E SANCIONES

Consideranse infraccións administrativas, todas aquelas accións ou omisións que contraveñan as disposicións do presente Regulamento, que básicamente se concretan en : fraudes no vertido e vertidos prohibidos

Os supostos de fraude no vertido recóllense no art. 49, establecéndose no art. 50 o réxime de actuación nos casos nos que se detecte o fraude.

A emisión de vertidos prohibidos dará lugar ademais da adopción das medidas indicadas no art. 28 á incoación do oportuno expediente sancionador. A estes efectos consideranse infraccións leves, a realización de vertidos prohibidos sempre que os danos ocasionados na conca receptora non foran superiores a 300,51 euros.

Serán infraccións graves a comisión reiterada de infraccións leves, así como a realización de vertidos que ocasionen uns danos na conca receptora entre 300,51 e 601,01 euros.

Consideranse infraccións moi graves, a comisión reiterada de infraccións leves, así como a emisión de vertidos que ocasionan uns danos de contía superior a 601,01 euros.

Á hora de efectuar a avaliación dos prexuízos ocasionados teranse en conta a trascendencia destes para a seguridade de persoas e bens así como os beneficios obtidos polo infractor.

As infraccións levarán emparelladas as seguintes sancións:

- Infraccións leves: multa de ata 750 euros
- Infraccións graves: multa desde 751 ata 1.500 euros
- Infraccións moi graves: multa desde 1.501 ata 3.000 euros

A Alcaldía será competente para a resolución dos expedientes sancionadores.

Con independencia da imposición das sancións que procedan, o órgano sancionador poderá esixir a reparación dos danos e prexuízos ocasionados, fixando para isto, as indemnizacións que procedan.

O procedemento sancionador axustarase ó establecido no R.D: 1398/1993 do 4 de agosto, Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

No caso de que, pola entidade dos feitos, se considere que éstos poden ser constitutivos de delito, a administración dará tralado das actuacións á xurisdición competente, suspendéndose o procedemento sancionador ata que a autoridade xudicial se pronuncie.

A imposición de sanción por parte da autoridade xudicial excluírá a imposición da multa administrativa.

CAPÍTULO XV.- DISPOSICIÓNS

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Os contratos existentes cando entre en vigor este regulamento adoptarán de oficio as disposicións do mesmo, quedando os usuarios obrigados a cumprir tódalas súas prescricións sen prexuízo de que, en cada caso, se respecten os dereitos lexítimos adquiridos polos usuarios. En todo caso, estes dereitos consideraranse a extinguir cando remate o contrato anteriormente existente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA. Queda derrogado o regulamento do servizo municipal de augas aprobado polo Pleno da Corporación do 5 de abril de 1971.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira: Co obxecto de homoxeneiza-los elementos constructivos das redes de saneamento que se instalen no Concello de Santiago de Compostela, a entidade xestora

presentará, no prazo de 2 meses a partir da aprobación definitiva, unha proposta de prego de prescricións técnicas particulares onde se recollan as condicións que deben reunir os elementos constructivos máis representativos que forman parte das redes de saneamento e que se utilizan en urbanizacións e instalacións interiores de edificios. A proposta deberá ser aprobada polo Concello de Santiago.

Segunda: Este regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.